

PROCEDEMENTO: CT302B. Cultura no Camiño 2022

ASUNTO: Resolución da subvención do Programa Cultura no Camiño 2022

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O 6 de xuño de 2022 (DOG núm 107), publícase a Resolución do 18 de maio de 2022, pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, con motivo do Xacobeo 21.22, e se convocan para o ano 2022 (CT 302B).
2. A base primeira establece que esta subvención irá destinada a cofinanciar programacións culturais realizadas por entidades locais polas que discorren os diferentes camiños de Santiago, co motivo do Xacobeo 21.22.
3. A base décimo primeira das bases establece que na concesión de subvencións seguirase un procedemento abreviado no que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto da Dirección da Axencia, que o elevará á Presidencia do Consello Reitor da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. As solicitudes de subvención examínanse e serán outorgadas sempre que cumpran os requisitos exixidos nesta convocatoria ata esgotamento de crédito, por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no rexistro.
5. Con data 13/07/2022, o director da Agadic, trala instrución do procedemento, emite a proposta de resolución de concesión da subvención.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

É competente para a resolución de concesión da axuda o Presidente do Consello Reitor da Agadic, por delegación deste (disposición adicional do Acordo de 24 de xullo de 2012, DOG, núm.164, do 29 de agosto) de conformidade co disposto na base décimo segunda da Resolución do 18 de maio de 2022, pola que



se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, con motivo do Xacobeo 21.22, e se convocan para o ano 2022, debendo ditar resolución expresa, no prazo de 15 días dende a data de elevación sa proposta de resolución.

Examinada a proposta de resolución do director da Agadic, e de conformidade con ela,

RESOLVO:

1. Conceder as subvencións ás seguintes entidades locais que cumpren o establecido na convocatoria, e nas contías que se sinalan a continuación:

Nº REXISTRO	DATA	HORA	CONCELLO	NIF	PROVINCIA	HABITANTES	IMPORTE SUBVENCIONADO	OBSERVACIÓNS
2022/1500114	07/06/2022	0:02	Ribas de Sil	P2705200J	Lugo	946	2.500 €	Admitido por estimación de recurso presentado polo concello
2022/1729268	01/07/2022	16:32	Xinzo de Limia	P3203300C	Ourense	9621	2.500 €	
2022/1744813	04/07/2022	14:40	O Saviñao	P2705800G	Lugo	3589	2.500 €	

2. A inadmisión de todas as solicitudes que entren, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, con data posterior ao día 04/07/2022 ás 14:40 horas, momento no que queda esgotado o crédito global de 230.000 de euros da aplicación orzamentaria 10.A1.432B.760.0 do código do proxecto 2015-00003, en aplicación da base 4 da convocatoria.
3. Ordenar a publicación, en aplicación do artigo 31.4 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do esgotamento da partida orzamentaria asinada a esta convocatoria.

A presente resolución pon fin a vía administrativa, e contra ela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución. (Artigos. 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).



- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución. (artigo 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Notifíquese a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O Presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González

